

7

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O 28 DE DECEMBRO DE 2017.

ASISTENTES:

PRESIDENTA:

Abal Roma, Fátima (P.S.deG.-PSOE)

CONCELLEIROS:

Abal Varela, José Ramón (Cambados PODE)

Aragunde Aragunde, Luis (P.P.)

Brea Troncoso, Mónica (P.P.)

Caamaño Rivas, Víctor Manuel (B.N.G.)

Cacabelos Domínguez, María Josefa (B.N.G.)

Charlín Trigo, Xurxo (Participación Democrática Directa de Galicia/Somos Cambados)

Cordal Rodríguez, Constantino (Participación Democrática Directa de Galicia/Somos Cambados).

Gómez Blanco, Juan Ramiro (P.P.)

Iglesias Pombo, Antonio Joaquín (P.P.)

Martínez Piñeiro, Milagros (P.S.deG.-PSOE)

Oubiña Santos, Ana Isabel (P.P.)

Pérez Osorio, Miguel (P.S.deG.-PSOE)

Pomares Botana, Eulogio (P.P.)

Prado Cores, María Teresa (B.N.G.)

Serantes González, Luis Alberto (P.P.)

Varela Piñeiro, María Isabel (P.P.)

SECRETARIO XERAL

D. Francisco Javier Oubiña Lodeiro

No Salón de sesións da Casa Consistorial, sendo as vintetrés horas, reúnen-se en primeira convocatoria os Concelleiros citados anteriormente, ao obxecto de celebrar a sesión extraordinaria do Pleno, asistidos de min, o secretario xeral do Concello quen certifica.

Comprobada pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase pola Sra. Alcaldesa-Presidenta aberta a sesión con arranxo ao seguinte ordo do día:

Dí que se aínda que os puntos se van a votar por separado a intervención sexá conxunta.

1º.- INSTAR Á ALCALDÍA PARA QUE ACORDE O CESE DO CONCELEIRO DE ECONOMÍA E FACENDA XURXO CHARLÍN TRIGO.

Intervén o secretario quen da lectura do ditame da comisión informativa que é o seguinte:

“A Comisión Informativa Permanente de Facenda e Patrimonio, en sesión extraordinaria celebrada o 22 de decembro de 2017, emitiu ao amparo do previsto no artigo 126 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 65 do Regulamento orgánico municipal o seguinte ditame que ten carácter preceptivo e non vinculante:

1º.- Instar á Alcaldía para que acorde o cese do concelleiro de economía e facenda Xurxo Charlín Trigo.

2º.- Revogación do acordo adoptado polo pleno da corporación o día 30 de xuño de 2015 (punto 6), no senso de deixar sen efecto a liberación parcial concedida ao concelleiro Xurxo Charlín Trigo coa correspondente perda das súas retribucións.

Intervén o Sr. Aragunde Aragunde quen dí que estes acordos que solicitan adopte o pleno ven motivado este desfase anunciado por vos que nunca houbo concelleiro liberado de facenda, que cando eles gobernban se lles criticou a situación económica e que lles sorprende que este ano, que non é ano electoral existan eses gastos. Asimesmo expón que non ten nada persoal contra o concelleiro de economía.

Intervén o Sr. Charlín Trigo para dicir que lle entrega copia da súa intervención ao secretario para que a inclúa no ditame, se ben a mesma non é lida a intervención é a seguinte:

Intervén o Sr. Abal Varela quen dí que é certo que houbo un crise de gobernó, que este ano se produxo un pequeno desfase no orzamento de gastos do concello, motivado en parte polo nomeamento de Cambados como cidade europea do viño, que a culpa é de todos os membros do goberno e non só do concelleiro de facenda, que este ano se baixou a urbana e que non ve xustificado que se lle quite o soldo a un concelleiro xa que non apreciou irregularidades para adoptar tal medida, que están contentos de cómo saiu o ano, que eles non piden a dimisión de ninguén e que aínda que é certo que ten diferenzas co concelleiro de economía, estas non existe nos asuntos que se ditaminan hoxe.

Sometida a proposta a votación acádase o seguinte resultado:

Votos a favor 3 (Srs. Aragunde Aragunde, Pomares Botana e Iglesias Pombo).

Votos en contra 4 (Srs. Charlín Trigo, Caamaño Rivas, Pérez Osorio e Abal Varela).

En consecuencia ditaminase desfavorablemente a proposta de instar á Alcaldía para que acorde o cese do concelleiro de economía e facenda Xurxo Charlín Trigo, así como a revogación do acordo adoptado polo pleno da corporación o día 30 de xuño de 2015 (punto 6), no senso de deixar sen efecto a liberación parcial concedida ao concelleiro Xurxo Charlín Trigo coa correspondente perda das súas retribucións.”.

Rematada a lectura intervén o Sr. Aragunde Aragunde quen dí que a solicitude deste pleno extraordinario foi tributaria da información verquida nos medios de información de que hai un desfase de 821.000,00 € e ademáis se lle vota a culpa deste desfase ao BNG e ao concelleiro Abal Varela, que se gastou máis do orzamentado, que Campados Pode fala de crise, que sae o Sr. Caamaño Rivas quen dí que están fartos de calar, co que eles se preguntan que é o que está a pasar aquí (pregúntale ao Sr. Caamaño

que que é o que ten que calar e que o conte). Dí que o propio BNG dí que o cuatripartito está a dar unha imaxe lamentable, que non ían acudir máis ás Xuntas de Goberno Local, e que o eieto de Cambados Pode dí que non ía a ir polo concello uns días, que a problemática real é esa que se disfrazou con ese desfase de 821.000,00 euros e que precisamente para saber da situación do concello se viron abogados a solicitar a celebración dun pleno extraordinario para poder ter información, que hai 10 meses que non se lles dan as actas das Xuntas de Goberno Local co que teñen que dicir que a xestión non é normal nin transparente, que se lles pasou un listado de facturas e que hai un desfase no orzamento a 30 de novembro da cantidade citada anteriormente, que por primeira vez hai un concelleiro liberado na área de facenda e como é posible este desfase cando se trouxo o orzamento en outubro. Que lles gustaría saber onde están esas advertencias previas e se o concelleiro de facenda advirte por escrito ao concelleiros e que se non estiveran enfadados non sairía iso na prensa. Recoñece que les gastaban en ano electoral xa que os vecinos veñen máis ao concello, que hai facturas como a dun restaurante custando o prato 70 €, cena para a que se chama a empresarios que descoñecen o motivo da invitación, que cando dixo temos un concello “perita” esas foron palabras da interventora. Que cando Cambados pediu 2.000.000,00 €, foi un crédito ao FOMIT para inversión que co informe que lles pasan a 30 de novembro do tesoureiro o actual grupo de goberno acabou co orzamento e pregunta que vai pasar coas facturas do mes de decembro, ao que apunta que xa lles están a dicir a moitos empresarios que facturen en xaneiro, que se lles votaron en contra fai tres meses unha moción para arranxar colexios e agora o orzamento está excedido.

Prosegue a dicir que prometeron baixar o IBI pero que tiveron o tipo de gravame máis alto xa que o PP o tiña no 0,44% e só subiu por imposición estatal, apunta que agora se fan liquidacións para os postos pero porque o ordenou o tesoureriro, que él a diferenza do Sr. Charlín Trigo nunca foi a cobrar postos. Dí que as traccións que traían para o albariño tiñan máis proxección internacional (Maná, Julio Iglesias) e que non gastaban máis que eles.

Remata dicindo que non ten nada contra o Sr. Charlín Trigo que van ver como remata este ano e as consecuencias que traerá para o ano 2018 e que por todos estes motivos solicitan traen ao pleno estas propostas.

Non se producen máis intervencións polo que se somete a votación o 1º punto acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (Membros do grupo municipal do PP)

Votos en contra 9: (Resto dos concelleiros)

En consecuencia queda rexitada a proposta de instar á Alcaldía para que acorde o cese do concelleiro de economía e facenda Xurxo Charlín Trigo.

2º.- REVOGACIÓN DO ACORDO ADOPTADO POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 30 DE XUÑO DE 2015 (PUNTO 6), NO SENSO DE DEIXAR SEN EFECTO A LIBERACIÓN PARCIAL CONCEDIDA AO CONCELLEIRO XURXO CHARLÍN TRIGO COA CORRESPONDENTE PERDA DAS SÚAS RETRIBUCIÓN.

Sométese o asunto a votación:

Votos a favor: 8 (Membros do grupo municipal do PP)

Votos en contra 9: (Resto dos concelleiros)

En consecuencia queda rexitada a revogación do acordo adoptado polo pleno da corporación o día 30 de xuño de 2015 (punto 6), no senso de deixar sen efecto a liberación parcial concedida ao concelleiro Xurxo Charlín Trigo coa correspondente perda das súas retribucións.

E sen máis asuntos que tratar a Sra. Alcaldesa da por rematada a sesión, cando son as vintetrés horas e trinta e un minutos, de todo o que eu como secretario dou fe.

Vº. e Prace
A ALCALDESA

O SECRETARIO XERAL

Praza do Concello, 1 * 36630 - CAMBADOS * Tfños. 986-52 09 02 /09.43/09 51 * Fax: 986-52 48 66 * Nº Rexistro Entidades Locais: 01360062 * C.I.F.: P-3600600E



CAMBADOS
2017 Cidade Europea do Viño



CAMBADOS
CONCELLO

*Feita
a man*

